

CAPA 28

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra)

Yolanda Seoane-Veiga

Laboratorio de Patrimonio

Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Primeira edición

Resumo

O texto correspóndese coa Memoria Técnica resultado dos traballos arqueolóxicos desenvolvidos no marco do Programa de Corrección do Impacto Arqueolóxico no Corredor do Morrazo (Pontevedra). Estes traballos consistiron na realización da escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei, afectado polas obras do corredor. A escavación tratou de determinar a posible existencia de restos relacionados co xacemento, ao tempo que se proporcionaba unha superficie de traballo para acometer o corte e extracción da rocha. Porén, esta última non cumpriu as expectativas previstas, posto que a zona dos gravados sufriu graves danos que fixeron imposible a súa reubicación completa. Os bloques que se conseguiron salvar quedaron reubicados nun lugar o máis próximo posible ao orixinal; non foi viable respectar a súa orientación orixinal, aínda que se situou nun punto no que conserva a súa visibilidade cara á valgada onde estaba emprazado, ao mesmo tempo contemplouse a accesibilidade para as visitas, e situouse o gravado nunha zona facilmente accesible desde o corredor.

Abstract

This text corresponds with the technical report resulting from the archaeological work developed in the "Program Correction of Archaeological Impact in the Morrazo Fast Route (Pontevedra)". These works consisted in an excavation, transfer, and value enhancement of the petroglyph in Devesa do Rei, which has been affected by the fast route. The excavation tries to prove the existence of remains related to the site, at the same time, a surface was provided for carrying out the cutting and the extraction of the rock. Nonetheless, this last one didn't fulfill the forethought expectations, due to the fact the engravings zone suffered several damages that made impossible a complete relocation, as it was first thought. The blocks that were saved were relocated in the closest place that could be thought nearby the original one.

Palabras Chave

Arqueoloxía da Paisaxe. Corredor do Morrazo. Corrección do Impacto Arqueolóxico. Petróglifo. Escavación. Traslado, Posta en valor.

Keywords

Landscape Archaeology. Morrazo fast route. Correction of Archaeological Impact. Petroglyph. Excavation. Transfer. Enhancement.

INTRODUCCIÓN**Contexto e condicións da intervención**

Neste texto recóllense os traballos realizados polo *Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe* do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (agora *Laboratorio de Patrimonio-LaPa*) no marco do *Programa de Corrección do Impacto no Corredor do Morrazo*, en relación co Petróglifo de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra).

A actuación desenvolvida no contorno do Petróglifo de Devesa do Rei tivo por obxectivo mitigar o impacto severo que as obras do Corredor ocasionarían sobre dito lugar, posto que o petróglifo quedaba a escasos metros do noiro lateral que creou o recheo para a construción do tronco principal na ladeira nordeste do Alto das Sidades.

A construción do Corredor do Morrazo destruíu a parte superior do outeiro, polo que desapareceu o conxunto rochoso natural no que se asentaba o gravado. A actuación desenvolvida nesta intervención consistiu na *realización da escavación, traslado e posta en valor do Petróglifo de Devesa do Rei*, no concello de Moaña, afectado pola construción do Corredor do Morrazo, co fin de mitigar e corrixir o **impacto** que a citada construción produciría sobre o xacemento arqueolóxico.

Esta actuación derívase da localización do petróglifo de Devesa do Rei durante os traballos de control e seguimento da obra de construción do mencionado corredor¹. O gravado está situado no interior da traza polo que se viu directamente **afectado** polas obras de construción. O seu interese e a magnitude da afección obrigaron a adoptar a **medida correctora** consistente na súa escavación e traslado dalgunhas partes da rocha para un lugar próximo, onde as condicións de emprazamento son o máis similares posibles ás orixinais.

A intervención, realizada no mes de novembro do 2003, consistiu na **escavación** do contorno da rocha gravada, concretamente dunha superficie de 12 x 14 m. A finalidade desta escavación foi proporcionar información contextual que poida ser de interese, ao tempo que se limpou o contorno do soporte na procura das diaclasas naturais polas que se provocou a

¹ No estudo de impacto arqueolóxico que deu como resultado a "Memoria Técnica da Prospección Arqueolóxica Intensiva do Corredor do Morrazo (Doval e Vidal 2001) non se recolle a existencia deste xacemento. Foi nas tarefas de seguimento arqueolóxico do Treito I-2 Outeiro do Aviador á PO-313 en Moaña, realizado polo Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (IEGPS), cando, coa axuda de Miguel Vidal Lojo, localízase a rocha cos gravados.

ruptura para a súa extracción. Ademais fíxose un calco sobre plástico para documentar os motivos.²

Os traballos de **extracción** correron a cargo da empresa *Explotaciones Mineras del Morrazo*, contratada pola unión temporal de empresas (en diante UTE) para tal efecto. A técnica de corte consistiu na perforación en abano mediante barrenas a partires da superficie de ataque situada ao sur da rocha; nestes furados introduciuse cemento expansivo que no proceso de solidificación e aumento de volume provocou a rotura da rocha. A extracción non obtivo o éxito esperado: por motivos que máis abaixo expoñeremos perdeuse unha gran parte do gravado principal. Porén puideron salvarse varios bloques que foron reubicados na fase final de obra. Unha vez extraído o petróglifo, foi depositado temporalmente nunha área próxima, dentro da banda de expropiación. Neste lugar permaneceron as rochas á espera do momento axeitado para a súa recolocación.

A **reubicación** da rocha extraída levouse a cabo cando xa a obra de construción estaba rematada, logo de que se realizaran todos os traballos de movemento de terras e acondicionamento de todas as infraestruturas anexas, ramais, etc. cando xa funcionaba o propio corredor, en febreiro de 2006. Situouse dentro da área expropiada polo Corredor, ou sexa, nun terreo de titularidade pública, nas inmediacións do sitio orixinal.

A sinalización (ubicación da mesa e sinalizadores) e a adecuación do acceso están pendentes de asignación por parte da asistencia técnica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (en diante CPTOVP).

Contextualización do xacemento

Descrición da zona de traballo

O Corredor do Morrazo transita pola vertente meridional da península do Morrazo, no sector suroccidental galego (Figura 1), atravesando os concellos de Moaña, Cangas e Bueu. A península configúrase como un bloque de dirección E-W, fundamentalmente granítico, moi fracturado, de formas en xeral abruptas e aspecto redondeado consecuencia da acción de diferentes procesos tectónicos e erosivos. O accidentado litoral alterna tramos de acantilados con outros propios da costa baixa e areosa. As abundantes fracturas do terreo provocan unha densa rede fluvial que inza estes concellos.

O *Petróglifo de Devesa do Rei* sitúase na ladeira NE do Alto da Sidades, nun pequeno espolón bastante chan, de sentido N-S que limita unha pequena valgada ao E, atopándose a pedra do petróglifo no

borde do espolón cara ao E. Esta zona é a cabeceira dunha pequena valgada que existe entre o Alto da Sidades e o Monte do Faro de Domaio, na vertente E do val do río Fraga (Figuras 2 e 4).

O contorno arqueolóxico está dominado polo castro que se sitúa na parte superior do monte de Alto da Sidades (GA36029030) e polos petróglifos de A Escada (GA36029009) e o de Pozo do Garrido (GA36029007), situados ao SE do elemento tratado no presente documento (Figura 2).

Caracterización do afloramento

Descrición física

O substrato granítico caracteriza a Península do Morrazo. Neste punto de fortes pendentes afloran un bo número de superficies rochosas, tanto laxes a ras do chan como pedras cabalgadas ou castelos.

Neste caso trátase dunha rocha única en **posición orixinal**, situada na zona superior dun espolón cunha lixeira pendente cara ao N (Figura 5). Trátase dun afloramento de gran tamaño cunhas dimensións superficiais de 11,10 m de N a S e 8,20 m de E a W, sobresaen uns 0,80 m pola parte N, 1,30 m polo lado E e atópase a ras de chan na parte S e W. A orientación do eixo maior do bloque é NW-SE cara á valgada do E. O tipo xenérico de rocha é granito de dúas micas, a textura é equigranular e dentro desta granuda. O afloramento é de granito branco, de gran medio, sendo visible uns cristais de seixo e feldespato de ata 2 cm de longo. As formas do bloque tenden a ser redondeadas aínda que presenta paredes verticais e/ou irregulares por algunhas partes debido probablemente aos cortes provocados por labores de cantería. En canto á microtopografía non presenta diques, e só destaca unha diaclasa fonda e estreita que atravesa a rocha de E-W, pasando moi preto do gravado.

A parte E da rocha aparece moi afectada por cantería, de feito nesta zona atopamos varias pedras cuxo tamaño varía entre os 1,60 x 1,20 m da máis grande e os 70 x 45 m da máis pequena, que con toda seguridade se tratan de partes da rocha principal desprendidas debido á cantería, polo que a rocha en orixe debía de ter unhas dimensións máis amplas (Figura 5).


Esta é a única rocha documentada con gravados na área de cautela entre os PKs 107+350 e 107+450.

Descrición dos motivos

O gravado principal está inscrito na parte central e máis cóncava da rocha, trátase dun **reticulado** de 1,87 x 1,12 m aproximadamente, orientado cara ao S (Figura 7 e 27). Este reticulado atópase entre varias gretas que cruzan de N a S a rocha, rematando algunhas veces os sucros nestas diaclasas. Na parte baixa as retículas péchanse cun suco. Algún dos sucros presentan un bo estado de conservación, pero outros están bastante erosionados, sendo complicada a súa lectura. É difícil encadrar cronoloxicamente este gravado, xa que estas figuras non son moi frecuentes nas Arte Rupestre galega (Santos 2008),

² Actualmente a documentación con técnicas 3D, especialmente escáner láser e fotogrametría, están a substituír na reprodución de gravados ao calco sobre plástico. As súas posibilidades pódense ver en Mañana-Borrazás, P. et. al., 2009.

aínda que Santos (2006) sinala a súa semellanza con certas decoracións atopadas en tumbas megalíticas como as do dolmen de Antelas (Portugal) do IV milenio a. C., polo que non descarta a posibilidade de que a cronoloxía deste petróglifo puidera situarse en época neolítica.



1, 2 e 3: gravados do dolmen de Antelas (Viseu). 4: petróglifo de Devesa do Rei (Figura tomada de Santos 2006: 107).

Rodeando este motivo hai unha serie de sucos en forma de cruz e con forma irregular que orixinalmente quizais formasen parte do reticulado pero é probable que, debido á erosión, se vexan illados na actualidade. Moí preto do reticulado pola parte sur aparece un suco en forma de círculo. Na parte superior do reticulado (cara ao N), aproximadamente a 30 cm deste, atópanse dúas figuras abstractas, unha delas formando un círculo incompleto de cuxo centro arranca un suco, e a outra case rectangular con un suco que a divide transversalmente; as súas medidas son de 15 x 12 cm e 27 x 12 cm respectivamente. A parte disto identificáronse durante as labores de escavación novos gravados, o primeiro deles atópase no lado E da rocha, na parte superior dunha superficie inclinada cara ao S. Trátase dun motivo abstracto de 25 x 7 cm, que se compón dun círculo cun apéndice que se corta por unha liña transversal. Abaixo deste motivo tamén se atopou un suco con forma de semicírculo. De novo na parte SE da rocha, nunha zona bastante afectada pola erosión atopouse un reticulado de pequeno tamaño (25 x 35 cm) incompleto polo mal estado de conservación da rocha. Por último na zona W atopáronse o que puideran ser dúas posibles coviñas de aproximadamente 4 cm de diámetro e 1 cm de profundidade, porén coa axuda dunhas boas condicións de luz comprobouse que se trataba de simples rebaixes naturais.

Obxectivos da intervención

O principal obxectivo da intervención foi garantir a salvagarda dos gravados. Este obxectivo concrétese nunha serie de puntos:

1. Aproximación a unha **caracterización** máis exhaustiva da zona.
2. Comprobar a existencia de **evidencias arqueolóxicas**.
3. No caso de que aparecesen, definir a súa morfoloxía, delimitación espacial e propoñer hipóteses acerca da súa orixe.
4. Lectura completa e detallada da **secuencia estratigráfica** atendendo tanto a aspectos formais como arqueolóxicos.
5. Documentación exhaustiva dos gravados, para elaborar un **calco**.
6. Proporcionar unha superficie de ataque para o **extracción** da rocha

7. **Reubicar** o petróglifo nun lugar que fose o máis próximo posible ao orixinal.

PROPOSTA DA ACTUACIÓN

Metodoloxía e plano puntual de traballo

A intervención consistiu na escavación do contorno dunha rocha gravada cunha superficie de 11,10 x 8,20 m (YA030613F02). Este traballo foi desenvolvido entre o 13 de outubro e o 6 de novembro de 2003, por un equipo de dez persoas. O calco sobre plástico do petróglifo levouse a cabo en tanto se realizaba a escavación. Os traballos de acondicionamento para a extracción correron a cargo dunha empresa contratada pola UTE para tal efecto, e realizouse entre o 6 de novembro e o 22 de decembro do 2003. A reubicación definitiva levouse a cabo os días 1 e 2 de febreiro do 2006.

Os principios metodolóxicos xerais son os recollidos no Proxecto de Corrección do Impacto Arqueolóxico do Corredor do Morrazo, polo que no seguinte apartado só se contempla o plano puntual de traballo para a presente intervención.

Descrición das diferentes fases de traballo

Esta actuación, tal e como se dixo máis arriba, consistiu na escavación do contorno inmediato do petróglifo de Devesa do Rei, e a extracción do soporte para a posterior reubicación do mesmo no contorno do Corredor do Morrazo.

As fases de traballo desenvolvidas foron a escavación, extracción e reubicación do elemento no contorno da vía, moi próximo ao lugar da súa ubicación orixinal.

Os traballos realizados consistiron nas seguintes tarefas concretas:

1. **Documentación** (cartográfica e gráfica).
2. **Revisión e limpeza** manual da totalidade de rochas ou afloramentos engadidos na banda de afección sobre a que se plantexa a actuación.
3. **Escavación** dun sector do contorno do petróglifo, documentándose a estratigrafía e o material arqueolóxico co obxecto de contextualizar o petróglifo.
4. Elaboración do **Calco** do Petróglifo.
5. **Extracción** do soporte por parte da empresa contratada pola UTE, coa axuda de operarios e maquinaria para o transporte proporcionados por esta última.
6. **Traslado** a un lugar vixiado para o seu depósito temporal dentro da área de expropiación da obra.
7. **Estudo do lugar de reubicación** a uns metros máis ao este, fóra da banda de ocupación do corredor.